

Certame Literario Conde de Gondomar

Dende o ano 2002, o IEM leva colaborando co Concello de Gondomar na convocatoria dos distintos Certames Literarios Conde de Gondomar (certames convocados nas modalidades de poesía e narración-, nos que poden participar os mozos e mozas da comarca de entre 10 e 20 anos de idade).

Todos os anos os rapaces e rapazas que participan dan mostra da súa creatividade e imaxinación. Os traballos premiados son publicados nun libro que se presenta o día en que se fai público o fallo do xurado (formado por persoas relacionadas coa literatura e a docencia); nese mesmo acto, dáse lectura aos traballos premiados e faise a correspondente entrega de premios.

A este acto (que adoita realizarse na Casa da Cultura de Gondomar ou no Auditorio Lois Tobío), asisten representantes políticos do Concello, os membros do xurado, algún representante do IEM, algún escritor ou escritora, e cando é posible (como ocorreu no IV Certame) o Conde de Gondomar -Gonzalo Fernández de Córdoba-.



"Grazas pola vosa colaboración, por escribir nun papel as vosas fantasías, cavilacións, ocorrencias, retrincos de vida... para compartilos cunha lectora ou lector anónimo... Porque escribir non é outra cousa, de xeito máis ou menos disimulado, que falar dun mesmo, un exercicio de busca, de procura dunha voz, dunha voz propia, singular, algo tan necesario nestes tempos de modas, uniformidades, pensamentos correctos..." (estas son as palabras que dirixiu aos participantes o Concelleiro de Xuventude de Gondomar -Miguel Angel Jorge Álvarez- o día da entrega de premios do III Certame Literario Conde de Gondomar).

